

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras dos premios ao desenvolvemento rural de Galicia e se convoca, mediante tramitación anticipada de gasto, a décimo cuarta edición. AGADER (DOG Nº 14, 20/01/2023)

Obxecto

1. Aprobar as bases reguladoras dos premios ao desenvolvemento rural de Galicia, que se xuntan a esta resolución como anexo I.

2. Convocar para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, a décimo terceira edición dos premios ao desenvolvemento rural de Galicia. Os premios que se convocan correspóndense coas seguintes categorías:

a) **Categoría mocidade**, para as iniciativas levadas a cabo por persoas mozas, que constitúan unha aposta polo presente e o futuro do medio rural galego e da súa poboación.

Para estes efectos, terá a consideración de persoa moza quen non teña máis de corenta anos na data en que finalice o prazo para presentar a iniciativa ou, no caso de persoas xurídicas, cando polo menos o 25 % dos seus membros cumpran este requisito.

b) **Categoría paisaxe rural**, para iniciativas de intervención, mellora e posta en valor das paisaxes rurais produtivas de Galicia nas cales se integren os elementos e valores culturais e naturais co aproveitamento agrario.

c) **Categoría proxectos de interese social**, para as iniciativas orientadas á integración dos colectivos máis desfavorecidos, á inserción social ou ao coidado dos nosos maiores.

d) **Categoría turismo**, para as iniciativas que contribúan ao desenvolvemento económico potenciando a ampla riqueza dos recursos turísticos do medio rural de Galicia.

e) **Categoría sector agrogandeiro**, dirixida a iniciativas desenvolvidas dentro dos sectores da gandería, agricultura e/ou transformación agroalimentaria que aposten polo valor engadido na súa produción.

f) **Categoría mulleres**, orientada ás iniciativas levadas a cabo por mulleres ou destinadas a elas no medio rural, desde unha óptica de igualdade e progreso, en que sexan fundamentais valores como o asociacionismo, a profesionalización e a innovación.

g) **Categoría innovación tecnolóxica**, dirixida ás iniciativas desenvolvidas no rural galego que incorporen a innovación para obter un novo produto ou mellorar a calidade nos seus produtos ou servizos, para diminuír custos, para ofrecer unha maior gama de produtos ou servizos ou para seren máis rápidas na súa introdución no mercado.

h) **Categoría recuperación e posta en valor da terra agraria**, destinada ás iniciativas que contribúan, directa ou indirectamente, a recuperar e poñer en valor terras que están infrautilizadas.

Cada un dos premios constará dun diploma e unha dotación en metálico de 10.000 €

Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes **remata o 20 de febreiro de 2023**